


UN ALPENDRE DE SOMBRA E DE LUAR

A ESCOLA LITERARIA DA DIOCESE
DE MONDOÑEDO-FERROL

FÉLIX VILLARES MOUTEIRA



Parece estranxo, pero non o é. Se ben se pensa, é lóxico que así suceda. Quero dicir que nada hai de raro no feito de que nos resulte extremadamente difícil falar daquilo que en verdade forma parte do que é fundamental é substantivo nas nosas vidas: as persoas más queridas, os versos e os lugares aos que un retorna sempre coma a un porto de refuxio, os sentimientos más fondos...

Digo isto, porque eu querería escribir aquí un limiar que, áinda que non poida estar á altura do libro, deste definitivo estudo de Félix Villares sobre os poetas do seminario mindoniense e do tesouro de versos que estas páxinas conteñen, servise cando menos para dar testemuño –un testemuño en calquera caso moi modesto– do meu permanente asombro ante tanta xenerosidade e tanto talento. E que falase ademais da miña gratitud a cantos escribiron estes versos para sempre –aos poetas– e moi en especial a Félix, que soubo ver con esa lucidez súa o que ese patrimonio de palabras representa para a historia da literatura, e que co seu traballo de anos e anos, con esa infatigable entrega que nel é unha maneira de estar no mundo –de existir–, compuxo esta obra admirable que fai máis grande Galicia e As Nosas Letras.

(Dígo, en fin, porque non sei escribir ese limiar que o libro merece, e porque incluso se soubese escribilo hoxe non sería capaz de facelo, porque é demasiada a emoción...).

Por iso, e se me permiten a confidencia, déixenme contarles, en cambio, que un, se pecha neste momento os ollos, grazas á luz deste libro, volve, unha vez máis, a Mondoñedo e a todo canto Mondoñedo representa. E que así, na Cidade da Mitra, que acaba de despedir o sol, escoita camiñar sobre os tellados de lousa a música dunha campá, mentres no firmamento se van debuxando as estrelas.